

*Señoras clientas*

---

**Silvia PENAS**

Con motivo da entrega do Premio Victoriano Taibo de 2018, o grupo PUGA (Promoción do uso de galego) do IEM organizou unha serie de actos tendentes a promover o uso urbano da lingua galega. No mini concerto sorpresa realizado no supermercado Froiz de Gondomar coa colaboración musical de Margarida Mariño e David Arroyos, a poeta Silvia Penas recitou o seu poema “Señoras clientas”, escrito por ela para esta actuación.



Señoras clientas,  
hoxe contamos cunha oferta moi especial,  
expira en aproximadamente 5 minutos,  
por iso é importante que permanezan atentas:

nos produtos que comezan por «a»  
poderán servirse nos andeis ao peso amor a granel  
a 0,25 de amabilidade o quilo.  
Non me digan que non se trata dunha proposta irresistible!

Os produtos catalogados no «h» de honestidade  
poderán adquirirse en envases individuais  
de 33 Cl de humor e risa a cachón con palliña,  
ou en tamaño familiar para que poidan  
traer para sempre nas abas dos labios a primavera.

Señoras clientas, queremos dicirles  
que estamos aquí por vostedes,  
porque é único este momento entre nós,  
que mesmo cando están ollando un prezo  
ou a data de caducidade  
pode acontecer incluso o mar  
ou a liña do horizonte tecida  
desde o seu iris até as tapas dos iogures.

Proben, señoras clientas,  
a sorrir preto das conservas,  
as latas cobrarán a calidez exacta  
para refuxiar calquera fame,  
un río, unhas ás, a aridez da madrugada.

Este xesto cotián, señoras clientas,  
de pronunciar certas palabras,  
nomear a horizontalidade dos paxaros,  
convocarnos aquí, no centro do anonimato  
a preguntarnos se a vida ten algo que ver con isto,  
se dicirles un poema mentres fan a compra  
pode aparecer un día nun recordo,  
ou poñerles na lingua o sabor das cereixas,  
cuarto quilo entre os dentes e o padal.

Un día calquera, señoras clientas,  
pensarán que a súa vida foi pouco máis de 5 minutos  
e, coma o poema, cando chegou,  
non aproveitaron a oferta.

Silvia Penas